



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI de Bembibre
Rúa Socortes 18
15873 Bembibre -Val do Dubra (A Coruña)
Teléfono: 881 866 981
cpi.bembibre@edu.xunta.es

AXUDAS PARA OS USUARIOS DO COMEDOR ESCOLAR DO CPI DE BEMBIBRE EN RELACIÓN AO CORONAVIRUS: COVID-19

1.- A qué familias van dirixidas as axudas?

Só teñen dereito a cobrar a axuda as familias daqueles alumnos/as que durante o curso escolar 2019/20, **fosen usuarios gratuitos do servizo de comedor, ou abonasen a cantidade de 1 euro diario.**

2.- En qué consiste a axuda?

As axudas económicas previstas consisten nunha compensación do custo diario do menú por comensal, entendido como o servizo de comida ao mediodía, multiplicada polos días lectivos de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

E dicir, axúdase economicamente á manutención do alumno/a que é o que se viña a facer desde a Consellería de Educación, coa gratuidade ou co pago reducido (1 euro diario).

3.- Qué cantidades se percibirán?

As familias que cumpren os requisitos económicos comentados no apartado número 1 terán dereito a percibir as **seguintes cantidades diarias:**

No caso das familias que teñen gratuidade total: **2,5 euros diarios por fillo/a.**

No caso das familias que abonan 1 euro diario: **1,5 euros diarios por fillo/a.**

4.- Qué días cubre esta axuda?

Só os días lectivos:

Marzo: dende o día 16 ata o 31 de marzo

Abril: dende o 1 ata o 3 de abril (último día lectivo antes das vacacións de Semana Santa).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI de Bembibre
Rúa Socortes 18
15873 Bembibre -Val do Dubra (A Coruña)
Teléfono: 881 866 981
cpi.bembibre@edu.xunta.es

Prórroga: no caso que se prolongue esta situación outros 15 días cubriría (só días lectivos) ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

5.- Cómo se vai a pagar?

En dous pagamentos:

1º pagamento: polo periodo de marzo e o de abril.

2º pagamento: si se prorroga unha terceira situación de alarma despois de Semana Santa ata o 1 de maio.

6.- Cómo presentar a solicitude e qué prazo hai?

Prazo de presentación: dende o **martes día 31 de marzo ao luns 6 de abril**, ambos inclusive.

Poden realizar a presentación da solicitude de dúas formas:

A) Vostedes mesmos a través dun formulario específico que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
Para elo é necesario que teñan un certificado dixital, ou a chave 365.

B) A través do centro educativo, preferentemente enviando un correo electrónico ao seguinte enderezo: cpi.bembibre@edu.xunta.gal ou chamando ao teléfono do colexio, **881 866 981** en horario de 10:00 horas ás 14:00 horas.

Para que a tramitación poida realizarse a través do centro educativo terán que facilitarnos os seguintes datos:

- **Nome do pai ou da nai e nº de DNI** (no caso de divorcio terá dereito a cobrar o membro que teña a custodia; se a custodia é compartida terán que indicarnos quen será o beneficiario da axuda).
- **Cantidade que paga no comedor escolar:** indicar se ten a gratuidade total ou paga 1 €.
- **Nome e apelidos dos alumno/s para os que se solicita a axuda.**
- **Número de conta bancaria (con IBAN)** para que a Consellería faga o ingreso:

Aínda que o prazo oficial de presentación de solicitudes a través da Sede Electrónica da Xunta empeza o martes día 31 de marzo, a partir de mañá luns día 30, os que opten pola tramitación a través do colexio xa poderán enviar os seus datos por correo electrónico, ou chamar no horario indicado anteriormente, xa que



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CPI de Bembibre
Rúa Socortes 18
15873 Bembibre -Val do Dubra (A Coruña)
Teléfono: 881 866 981
cpi.bembibre@edu.xunta.es

desta forma vamos axilizando o proceso.

Recomendámoslles que non deixen para o último día a presentación de solicitudes (sobre todo as realizadas a través do centro), porque en caso de acumulación á hora de peche da aplicación, quedarían sen rexistrar.

¡¡¡ Recordámoslles que debido ao estado de alarma non poden vir ao colexio para realizar de forma presencial esta xestión!!!

7.- Publicarase a relación das familias beneficiadas?

NON, porque son datos de especial vulnerabilidade, entón non serán expostas publicamente ás familias beneficiadas de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A familia saberá que ten concedida a axuda cando reciba o ingreso da Consellería.

8.- Canto tempo tardará en resolverse a resolución?

10 días desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

9.- Canto tempo tardará a Xunta de Galicia en realizar o pagamento?

5 días dende que publiquen a resolución.

Miguel Ángel Abarca Ribas.
Director do CPI de Bembibre